

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 30 DE XULLO DE 2020

Ás 10:30 horas do día 30 de xullo de 2020 reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 27 de xullo de 2020, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente/a: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. José Ángel Lago Filgueira, o técnico de xestión de expedientes do Servizo de Festas (asiste aos puntos 2 e 6)
D^a Ruth Gallego Santos, vogal suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (asiste aos puntos 9, 10 e 11)

Secretaria: D^a. Maria Blanco Rodríguez, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto de servizos de produción, asistencia técnica e auxiliares para a realización de diversos espectáculos/concertos a celebrar con motivo do programa "VIGO EN FESTAS 2020" (8506-335)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. SOLIMUSIC EVENTS SLU



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 14:26	Páxina 1 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA241-EE2EBF-CBA9C3-8W2V1T-L5U9QZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:

1. FLUGE GALICIA SL: falta o anexo II ao PCAP "declaración responsable"

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto de servizos de produción, asistencia técnica e auxiliares para a realización de diversos espectáculos/concertos a celebrar con motivo do programa "VIGO EN FESTAS 2020" (8506-335)

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo de tres días a un licitador para emendar a documentación persoal.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras de "remodelación do enlace do p.q. 5+000 da autoestrada ap-9v. tramos: conexión estación intermodal-ap-9, túnel lepanto-ap-9 e instalacións e balizamentos" (476-441)

Entrégase o informe e o seu anexo asinado polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o Xefe da Área de Inversións o 27 de xullo de 2020 de valoración do sobre sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras de "remodelación do enlace do p.q. 5+000 da autoestrada ap-9v. tramos: conexión estación intermodal-ap-9, túnel lepanto-ap-9 e instalacións e balizamentos" (476-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co/s licitador/es presentado/s e admitido/s. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el/eles.

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 14:26	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA241-EE2EBF-CBA9C3-8W2V1T-L5U9QZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



"REMODELACIÓN DO ENLACE DO P.Q. 5+000 DA AUTOESTRADA AP-9V. TRAMOS: CONEXIÓN ESTACIÓN INTERMODAL-AP-9, TÚNEL LEPANTO-AP-9 E INSTALACIÓNS E BALIZAMENTOS" na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	PROYFE-ZUBIA LEPANTO UTE	67,07
2	UTE URBING, PROYECTOS DE URBANISMO E ING. CIVIL, S.L. - INCO, ESTUDIO TÉCNICO S.L.	65,61
3	UTE CONSULTORA DE INGENIERÍA Y EMPRESA S.L. - INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS S.L.	65,05
4	UTE EPTISA - K2	64,30
5	GOC, S.A	64,26
6	UTE GALAICONTROL S.L. -GPO INGENIERIA , S.L.	63,40
7	GRUSAMAR INGENIERIA Y CONSULTING, S.L.U	61,27
8	UTE DE VIARIOS -INGENIA ACTIVIDADES DE INGENIERÍA Y OBRA CIVIL	59,43
9	UTE INRUPRE - VISOIN	58,72
10	TPF GETINSA EUROESTUDIOS, S.L.	57,99
11	UTE TEMHA - NOEGA	57,88

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, **PROYFE-ZUBIA LEPANTO UTE**, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares. "

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto das obras de urbanización dos espazos intersticiais na estación intermodal de vigo (561-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación comunica que con data 23 de xullo de 2020 se notificou ao licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento, CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157), a resolución de clasificación e o requirimento da presentación da documentación esixida no artigo 150.2 da LCSP e no PCAP.

O licitador presentou a documentación requirida na data 28 e 30 de xullo de 2020

Dentro do prazo concedido, CIVIS GLOBAL, S.L.U. presentou a documentación a requirida.



Logo da súa cualificación a Mesa considerou que é correcta.

No entanto, de conformidade co disposto no apartado 15F do Anexo I -FEC- do PCAP "O presente contrato non poderá ser adxudicado ata a formalización da Adenda modificativa ao Convenio subscrito entre ADIF-Concello de Vigo e Xunta de Galicia en data 31.05.2018, segundo o establecido na disposición adicional 3ª.2 da LCSP."

O xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario confirma que a addenda aínda non se formalizou polo que a Mesa acorda que non procede, neste momento, propoñer a adxudicación deste contrato.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 14:26	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA241-EE2EBF-CBA9C3-8W2V1T-L5U9QZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		